

A NOSA TERRA



Ano XXXV — Núm. 483

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual N.º 376.979

CORRE
CORRE
CORRE

FRANQUEO PAGADO
Concesión 2032
TARIFA REDUCIDA
Concesión 2727

BOS AIRES, ABRIL DE 1953

En Defensa do Idioma

Fai máis de catro séculos que Galiza foi sometida a Castela polos Reis Católicos. E como di o cronista aragonés, Zurita: "En aquel tiempo se comenzó a domar aquella tierra de Galicia, porque no sólo los señores y caballeros de ella, pero todas las gentes de aquella nación eran unos contra otros muy arriscados y guerreros".

¡Máis de catro séculos de doma non lograron abatir o espírito da nosa Terra! O anseio de independencia que alentou nos peitos dos nosos abós, alenta asimesmo nos nosos, como alentará tamén nos dos nosos fillos. Poden os tiráns acudir a toda sorte de violencias, e non conseguirán endexamáis que a nosa Patria acepte o sometimento que á forza se lle quixo e se lle quere impór. A personalidade dun povo é difícil de afogar, aínda que se adopte unha política de atracción, de agasallo, canto máis con aldraxes e atropellos. Faría falla a perda de toda diñidade para non reaccionar como homes diante dos latigazos que firen o corpo e magoan a alma.

Por moitos anos que pasen, Galiza nunca será escravizada. Oxe mesmo, cando todo parece morto e non se escoita máis que unha soa voz, que berra para asustar e que en realidade berra o seu propio medo, hai moite dume de sinos que amosttran o frocemento dunha rebeldía, que tarde ou cedo dará o seu froito.

Non se pode combatir abertamente o réxime de opresión que nela existe, pero a xenerosa xuventude, inspirada nos vellos loitadores galeguistas e axudada por eles, lánzase á rúa esgrimindo unha arma máis poderosa que a espada: o idioma, o noso propio idioma, que perdura e perdurará, a pesares de todas as trabas e de todas as persecucións que se lle fagan. Hai un verdadeiro renacemento, como aquel do derradeiro tercio do século pasado, onde brillaron Rosalía, Curres, Pondal e tantos outros, e o que iniciaron as Irmandades de Fala na segunda década do século actual. Libros, revistas e artigos periódicos publicáanse de cotío en galego, con espanto dos creadores da España única, até o punto que contaron polo san, prohibindo empregar a nosa lingua casi por completo. Non se atreveron a suprimila do todo, pero quizais se chegue a elo si a marea segue en aumento.

I esto demostra a importancia fundamental que ten o idioma na conservación das características dun povo. Si Galiza non houbera gardado o tesouro da súa fala a través das súas vicisitudes, oxe a súa personalidade estaría esvaída e sin forza para ningún intento. Por eso hai que agradecerlle ao povo, aos campesiños e mariñeiros das nosas escarñecidas aldeas, o que non haxan esquecido a doce fala,

fala de miña nai, fala armoñosa,
en que o rogo dos tristes rube ao ceo...

E gracias ás benditas aldeas podemos agora runflar i enorgullecernos de posuir unha personalidade propia, respetada polos amigos e temida polos enemigos. E como dixo Aurélio Ribalta: "si pola vila fora, xa fai tempo que a nosa personalidade estaría totalmente perdida, e a súa restaurazon sería totalmente imposible porque ningún é capaz de restaurare o que xa non hai. Eu teño certa compracencia en dicilo: estas vilas galegas, si pola aldea non fora, xa terían asinido a personalidade de Galiza. A aldea salvounos, unha vez máis, da inñancia e da rutina vilengas". De ahí que os centraístas persigan tanto o n so idioma, porque danse conta que él é a arma máis forte para erguer o noso espírito e non deixarnos asimilar polo señoritismo das vilas, que considera de mal gosto falar en galego.

Si queremos, pois, axudar aos nosos irmáns asoballados, debemos secundalos con todas as nosas forzas nesta campaña en defensa do noso idioma. E' mester que en todos os aitos da nosa colexividade, de calquer índole que sexan, non se empregue máis lingua que a nosa. Non é posible admitir que falemos en castelán antre nós coa disculpa de non saber eispresarse en galego. Hai que remiñar dunha vegada con ese complexo de inferioridade que teñen moitos dos nosos coterráns para falar ou escribir na súa propia lingua.

Os galegos que neste intre temos a sorte de vivir lonxe da nosa Terra, non podemos escatimar toda acción que signifiquen o repudio do que nela fan os nosos enemigos. Xa que eles consideran pouco menos que delito falar o galego en Galiza, nós debemos dar o exemplo e non avergonzarnos de empregar o noso idioma. E' unha obriga moral para todo aquel que sinta bulir no seu espírito unha migalla de patriotismo e de diñidade responder aos ataques que nos reducen á condición de habitantes dunha colonia, coa enerxía e a varileza dos que estamos ceibes de prexuízos e de cadeas.

Este ano debe ser considerado por todo aquel que se precie de bó galego como ano sagro para a nosa lingua. Aproveitar todas as ocasións para render homaxe á fala que nos meceu no berce, é o menos que pode facer o fillo que ame á súa

A Coleitividade Galega Celebrou o Aniversario da República cun Grande Aito Patriótico

O 14 d'abril pola noite, no amplo Salón Teatro da Federación de Sociedades Galegas, a colexividade galega de Bós Aires celebrou o aniversario da proclamación da República Española.

Patrocinaron este grande ai-

to, o Consello de Galiza, Irmandade Galega, Federación de Sociedades Galegas, Centros Ourensán, Pontevedrés, Coruña, A.B.C. de Corcubión e Betanzos.

Coa asistencia dunha moitadume entusiasta que enchia

totalmente o amplo local federal, deu comenzo o grande aito d'afirmación galeguista-republicán, aito que, polas súas dimensións e gravitación no seo da colexividade galega, reforza rexamente a nosa firme posición fronte aos vexentos manexos de Falanxe na súa teima de penetración no seo dos nosos orgaismos; é unha enerxica chamada d'atención pra aqueles "republicáns" que coidando adormiñados i esmorecidos os rexos sentimentos galeguistas e republicáns e da repudio a falanxismo da nosa colexividade, teimaron crear o confusio-

nismo nas nosas fias. Abreuse o aito coa execución dos Himnos Nazonais Arxentino e Galego, sendo cantado o segundo pola Coral Galega "Terra Nosa", que foi escoitado con fonda emoción patriótica.

Axiña a mesma coral cantou maxistralmente tres cancións galegas que o numeroso público asistente premiou con sostidos aplausos.

Deu comenzo aos discursos, o señor Xerardo M. Díaz, Secretario Xeral da Federación de Soc. Galegas, quen puxo de manifesto a necesidade de manernos firmes e rexos nos nosos ideais de República pra España e Autonomía para Galiza, refugando ao franquismo polos seus amaños de traspaso de bases do territorio hespañol ao abafante capitalismo norteamericano, sendo moi aprausado pola concurrencia.

Axiña falou o señor Alfredo Baltar, quen encareceu unha cada vegada maor coordinación dos orgaismos representativos da colexividade, afortecendo así a nosa rexa posición galega e republicán fronte ao falanxismo, e aprastar calisquera intento de penetración dos nosos nemigos.

Fai unha seria advertenza a aqueles amigos que habendo provocado situacións de confusio-

nismo no seo da nosa colexividade, oferéceselles unha derradeira oportunidade pra rectícarse dos seus erros. O curso do señor Alfredo Baltar foi moi aprausado.

A seguido, e como breve paréntesis aos discursos o rexo recitador Lito López ofereceu un máñifico recital de poesías patrióticas como un auténtico i enxebre mensaxe dos nosos poetas á loita a prol da liberdade da Patria Galega, sendo afervoadamente ovacionado pola concurrencia.

Nova Maniobra Franquista

O franquismo non abandoa os seus intentos de desorientar a colexividade e arruinar a súa firme resistencia as infiltracións feixistas, que pretenden arrastrala a unha colaboración con unha política que constitue a máis brutal regresión humana e o máis tráxico fracaso da historia hespañola, buscando a súa complicidade nun coabre esquecemento do espantoso crimen que encheu a nosa Terra de oseiras de mártires.

Fracasada a visita do estraperlista empresario de espectáculos, tan unánimemente repudiado por toda a colexividade, e pasada sin pena nin gloria a visita lóstrego do alcalde da Cruña, despedido a botellazos en Montevideo, o franquismo non deixa de maquinaren novas maniobras para confundir a colexividade e embarcala nun movemento de identificación co réxime regresivo que hoxe asoballa a Terra e abafa en sangue canto ideal de liberdade e diñidade busca un camiño de redención para as miserias e corrupcións que vive a Península n'estes tristes intres.

O franquismo, valéndose n'este intre do Club Español, pretende outra vez mais embarcar a colexividade galega, democrática e antifeixista, nunha proba de adhesión a política falanxista, disfrazada con unha carnavalada con carrozas alegóricas da España de pandereta e toda cras de adobios, que sería presentada falsamente como unha adhesión das colexividades hispánicas ao povo arxentino, co gallo da festa do 12 de outono.

Frente a tan mezquína maniobra a colexividade galega non se deixará solprender. Sabe ben que xente se move en entretelóns e non permitirá que os nosos sentimentos democráticos e de respecto ao país onde vivimos se vexan luxados por un aito d-esta natureza, orgaizado por unha entidade nididamente feixista, de gachupíns ensoberbecidos, e totalmente allea a ese nobre sentimento de identificación co povo arxentino, que mentida e descaradamente se alega.

Os señores do club da milonga e tapete verde deben saber que a colexividade galega non ten mester de choqueiradas para manifestar a súa adhesión con esta terra onde vive: para elo ten a súa limpa traíetoria de traballo e identificación co povo arxentino. O seu verdadeiro homaxe ahí está, a través de todas as xornadas, dende o abrente da súa historia, na loita pola súa independencia, na acción valerosa do batallón galego perante a Reconquista contra os ingleses, na acción preclara de persoeiros que como Rivadavia inspiraron brillantes páxinas da súa historia, i-en fin, no seu traballo cotidián que axuda a crear unha Arxentina próspera e feliz, e nos milleiros de fogares galegos onde se rinde culto a esta nova patria, a que dan fillos cheos de sentimento patriótico, sin crear ningún problema de minorías enquistadas.

O sentimento democrático da colexividade galega é firme e incombible. Perderán o tempo os que pretendan embarcala en maniobras de identificación co franquismo, que é a negación mesma dos seus máis caros sentimentos. Por eso a maniobra do Club Español é rechazada con indignación pola colexividade galega, por os fins tortuosos que se propón e pola falta de nobreza que supón misturar o nome d-este país para agachar sentimentos que repudian aos máis caros principios do povo arxentino, de limpa e crara traíetoria democrática.

Patria. E o que non se sinta capaz de reaizar tan pequena tarefa é indino de merecer a menor consideración.

¿Pero haberá quén se negue a colaborar nunha causa de tanto interés para Galiza e que tan pouco esforzo reclama?

(Continúa na pág. 2)

ANIVERSARIO DA REPUBLICA

(Ven da páx. 1)

A continuación ocupa a tribuna o señor Ramón Valenzuela e da comenzo ao seu magnífico discurso, lembrando o intre histórico en que caeu a monarquía estranxeira que perante séculos gobernou a Hespaña, pra dar paso ao goberno do mesmo povo na data do histórico 14 d'Abril do ano 1931.

Mais adiante dis o orador: "Queremos enviar aos povos hispánicos un mensaxe á loita pra que imiten esta nosa unión, e invítalos a que colaboren con nosco nesta grandiosa cruzada de recuperación da República, pra nun día de mañán, nunha aperta fraternal, poder todos en íntima convivencia, refacer as nosas vidas desfeitas, poder dinfiliñar aos nosos povos ultraxados, poder entrar no concerto do mundo facendo flamejar ben outro, a bandeira da Liberdade e da Xustiza".

E prosigue máis adiante o señor Valenzuela: "A nosa Galiza, cando era reino independente, era un punto de referencia pra Europa ínteira. Galiza tiña unha canle inmensa de cultura europea, como Castela e Aragón, e sobor de todo Andalucía, tiñan outra canle de cultura mudéjar. Galiza era célula de universalidade, creando arte, creando xeitos literarios, enrolada nun ambiente europeo cara o progreso. Era aquel camiño de Santiago sempre aberto. Galiza recibía do mundo e ofrecera ao mundo cultura e arte; sabía dixerir e tiña desprendero e señorío pra regalar".

"Despóis do imperialismo dos Austrias e dos Borbóns, Galiza non dá nada nin recibe nada, porque ren de seu, nin tan viquer o idioma, decote principal vehículo de relación e de cultura. Xa o camiño de Santiago non ten a onde levar, é somentes un viéiro de retorno. Da nosa Galiza, rica outrora en anxeos i en espírito, foron quitándolle todo canto o reino tiña conquistado. Galiza, baixo o centralismo, vive dun pasado glorioso, mais sen porvir".

"N'antigüidade, os povos hispánicos ofreceron unha resistencia de centos de anos contra os románs invasores, provistos de todas as armas novas pra aquel tempo, así como dun potentísimo exército, e defendéronse porque non había unidade. A Gallaecia non era Lusitania, nin era Bética, nin Cantábrica. En troques nos tempos de Don Rodrigo, que herdara a Unidade comezada por Leovevildo, foi ocupada Hespaña en 15 días. Os invasores musulmáns non foron expulsados da península por Hespaña, porque d'aquela non era o que oxe chamamos nación, e menos Estado, senón que foron botados por un e cada un dos reinos, en completa independéncia".

"Cando Napoleón entra en Hespaña, que era unitaria xa, e centralista, costoulle somentes días en sometela. Napoleón foi botado polas Xuntas soberáns, e non esquezamos que a Xunta soberáns de Galiza tivo incurso o seu embaixador no estranxeiro que foi o que gañou a confianza dos gobernos que axudaron á súa liberación".

"Teñen que seren as nacións his-

panas as que realicen. A Hespaña centralista e monárquica non crean realiza ren, porque está seca e carcomida dende o seu propio nacemento. Emporiso, galegos, eu concedo importancia ínfirme á xuntanza d'oxe. Os galegos temos un denominador común e xa estamos en camiño de facer grandes cousas. Ese noso denominador son o amor á liberdade de Galiza e o amor á República".

"Non hai galeguismo sin República, e pra nós, os galegos, non hai República sen galeguismo. Emporiso desbotamos, incluso nas nosas mesmas fias, todo intento de sección que á veira da defensa dos postulados da personalidade de Galiza non traia aparelada a República pra os outros países da Hispaña. Sempre fomos defensores desta causa, mais d'algún tempo acá témonos convertido en abandeirados e campeóns".

"Porque na esencia da Monarquía está a opresión dos homes e dos povos, e na da República a esencia da Democracia e da Liberdade. Na Monarquía o escurantismo e na República o progreso. Na Monarquía está a esencia dos 4 xinetes do apocalipsis e na República a Humanidade e a Xustiza. Pra o galeguismo non serve quen non sexa liberal, democrata, progresista, human. Pra o galeguismo non serve quen non sexa republicán do 14 d'Abril".

E mais adiante afirma o orador: "A República non pode morrer, como desexan os enterradores d'oficio; a República compre reconstruíla e tratando d'evitar os defectos das anteriores. O contrario sería unha treición. Compre estudar perfectamente todo o movemento republicán dende os eus principios, pra non cair nos mesmos erros. Aos galegos cómprenos estudar a nosa".

"Habemos de comezar cando no ano 1846 caen en Carral aqueles homes acadullados por Solís, cujo movemento político iniciado por Faraldo, definiuse na memorable Asamblea de Lugo, na que somentes por un voto se rechaza a proposición de facer independente a Galiza. Eiquí van xuntos os ideais republicáns e galeguistas, xa nos seus mesmos comezos. Pouco despóis, Sanchez Vilaamil elabora un plan de facenda do futuro Estado galego. Non habemos d'esquecer que no ano 1873 hai unha xuntanza en Santiago a que concurren 545 delegados na que se redaiu un manifesto no que se pide a Autonomía de Galiza d'acordo cos principios federais, nomeando un Diretorio cuxa labora ficou interrumpida ao caer a República co golpe de Estado militar. A sorte da Autonomía correu parella outra vegada coa da República".

"No 1887, o Consello Executivo de Galiza, propón á Asamblea Federal un proxecto de "Constitución pra o futuro Estado Galego" no que após de votar fica aprobado que Galiza constituía un Estado Autónomo e soberán, baixo a forma democrática republicán-Federal de to-

dos povos da península Ibérica. Logo veñen os traballos profundos d'Alfredo Brañal, nos que se definen os dereitos e os deberes de Galiza, sobor de todo nun discurso académico na Universidade de Santiago. O galeguismo comeza a precisarse, e xa non se fala só de rexonalismo, senón que se fala de nación galega, porque Galiza ten pra esta xente un idioma, un povo e un territorio propios".

"Nascen no ano 1916 as Irmandades da Fala cuxa organización crea un plan complotado d'organización de Galiza, tanto no cultural como no económico, como no social, como no político. Xente esta traballadora, intelixente e chea de fe, que tropa contra a ditadura de Primo de Rivera. Esta xente foi dunha sólida preparación, pra cando as trabas políticas tiveran desaparecido. Estas Irmandades da Fala gardaban día a día a que viñese outro sistema de goberno. Estaba posto en marcha o sentimento galego: estaba convertido en acción".

"Organízase o Partido Galeguista e o Partido Nacionalista Galego, así como a ORGA. O primeiro manifesto que ceiba a ORGA des textualmente: "Pra nós foi i é razón d'existenza a instauración na Hespaña da República Federal". No ano 30 celébrase o Pacto de Lestrove no que se concretan as arelas de Galiza. Nomeábase eiquí o delegado que concurrirá a Asamblea de San Sebastián onde se aproba textualmente que: La República debe ser Federal, porque el federalismo acerca el gobierno al pueblo".

"Cando aparés a República do 14 d'Abril sucedése as reunións, as Asambleas, as Xuntanzas, e o Seminario d'Estudos Galegos, elabora un proxecto d'Estatuto de Galiza, e no mesmo mes, Xuño do 31, a Federación Republicán Galega celebra unha Asamblea na Cruña á que concurren as forzas políticas, sociais e culturais. A primeira base dis así: Galiza é un Estado Autónomo dentro da República Federal Hespañola".

"Despóis veu a Constitución do 31. Cataluña tiña ya Autonomía, porque reclamara a independencia. Galiza xunta en Santiago aos representantes de todos os municipios que elaboraron o Estatuto que se votou máis tarde no ano 1936, cun 73% de electores a favor. Só se tiña mester da aprobación do Parlamento Hespañol".

"Esta, señores, é, grosso modo, a historia d'Autonomía e da República. Dúas verbas que marchan parellas ao traveso do tempo. Dúas verbas que teñen mártires comúns. Dúas grandes ideas que se dispersaron cando unha delas trunfou. A República tivo medo da súa compañeira, a Autonomía; comportouse como unha nena adolescente. Abandonou o seu brazo firme, sen reparar que eran consustanciais".

"Pensade en Galiza, irmáns, traballade por Galiza, que é o único xeito de recuperar a República".

As derradeiras verbas do orador foron recibidas cunha forte ovación como premio ao seu magnífico discurso. Axíña o segredario da Comisión Organizadora do Aito, señor Manuel Pedreira, deu lectura a unha carta do Segredario do Consello de Galiza señor Antón Alonso Ríos, que insertamos na terceira páxina de este número.

"Despóis de votar fica aprobado que Galiza constituía un Estado Autónomo e soberán, baixo a forma democrática republicán-Federal de to-

dos povos da península Ibérica. Logo veñen os traballos profundos d'Alfredo Brañal, nos que se definen os dereitos e os deberes de Galiza, sobor de todo nun discurso académico na Universidade de Santiago. O galeguismo comeza a precisarse, e xa non se fala só de rexonalismo, senón que se fala de nación galega, porque Galiza ten pra esta xente un idioma, un povo e un territorio propios".

"Nascen no ano 1916 as Irmandades da Fala cuxa organización crea un plan complotado d'organización de Galiza, tanto no cultural como no económico, como no social, como no político. Xente esta traballadora, intelixente e chea de fe, que tropa contra a ditadura de Primo de Rivera. Esta xente foi dunha sólida preparación, pra cando as trabas políticas tiveran desaparecido. Estas Irmandades da Fala gardaban día a día a que viñese outro sistema de goberno. Estaba posto en marcha o sentimento galego: estaba convertido en acción".

"Organízase o Partido Galeguista e o Partido Nacionalista Galego, así como a ORGA. O primeiro manifesto que ceiba a ORGA des textualmente: "Pra nós foi i é razón d'existenza a instauración na Hespaña da República Federal". No ano 30 celébrase o Pacto de Lestrove no que se concretan as arelas de Galiza. Nomeábase eiquí o delegado que concurrirá a Asamblea de San Sebastián onde se aproba textualmente que: La República debe ser Federal, porque el federalismo acerca el gobierno al pueblo".

"Cando aparés a República do 14 d'Abril sucedése as reunións, as Asambleas, as Xuntanzas, e o Seminario d'Estudos Galegos, elabora un proxecto d'Estatuto de Galiza, e no mesmo mes, Xuño do 31, a Federación Republicán Galega celebra unha Asamblea na Cruña á que concurren as forzas políticas, sociais e culturais. A primeira base dis así: Galiza é un Estado Autónomo dentro da República Federal Hespañola".



"Y SOBRE TODO GALLEGOS"...

Co gallo do comenzo encol do aito do 14 d'Abril, realizado pola coleiividade galega no Salón Teatro da Federación de Sociedades Galegas, dis editorialmente un calificado periódico da nosa coleiividade:

"El espacioso recinto de la Federación de Sociedades Gallegas, se colmó de compatriotas de diferentes tendencias del campo republicano, y SOBRE TODO GALLEGOS"...

¡Qué raro! Así que no devandito aito galego-republicán, orgaizado única i escrutivamente pola coleiividade galega, e autor do editorial "notou" que antre a numerosa concurrencia d'hespañóis republicáns que enchían o amplo salón federal, había moitos galegos. ¿El, non serían "colados"?...

ESTES hespañóis, abofé que son paveros, pois maximámonos que ha ser un hispánico, e de "olé", o autor de tan gracioso comento. E nós, que estamos lonxe de sorbernos o moco, ben matinamos onde tenta ir coa súa teima: dar a sensación ao lector desprevido de que o aito en cuestión foi de enxebra factura hespañola, provocando deste xeito a confusión.

ENDEBER i en razón á verdade, compre decir que no recinto onde se celebrou o aito, honrámonos coa presenza dun falo de republicáns hespañóis axeitadamente espallados antre a concurrencia galega, coa san intención de facer buito, un honrabel bultiño nacional que, logo d'executárense os himnos nacionais arxentino e galego, traballaron como "hinchas", facendo o seu ruidiño ao pedir o deles, cousa que non callou por mor d'achárense en minoría. ¿Qué h'imos facer? Son os consabidos inconementes que xurden dunha situación de minoría nacional, e nós os galegos, por unha longa esperenza, sabemos, moito diso, máis da conta, acarón dos hespañóis...

ASEGUIDO, o editorialista hispánico rúbese ao poleiro, e pódose foncho, dínos con moita aquela: "Hechos como este (refírese o aito galego-republicán) y otros que podíamos enumerar, testimonian claramente que se está progresando en el camino de la Unidad. Son estos signos irrefutables de que existen condiciones para desarrollar más aún esta actividad de Unidad y atraer a otras fuerzas democráticas, republicanas y antifranquistas, para echar los cimientos sobre bases sólidas, los cimientos de un poderoso Frente Nacional Antifranquista"...

O editorialista hespañol ao parecer, esquecese de que Unidade é unha cousa e Unión outra moi distinta de forma e contido. Porque namentras que a Unidade, no caso que nos ocupa, refírese á acción d'unir nun só corpo político aos varios sectores e orgásmos espallados sen ningún xeito de dirección, mais, si, coincidentes nun fito de loita contra o nemigo común, a Unión, compre pol-o ben en craro pra fuxir de todo confusioñismo, é, pol-a contra, a acción de xuntar, non unir, as diversas coleividades nacionais difrentes (galega, vasca, hespañola e catalana) nunha labora específica común, neste caso, a loita contra Falanxe, mantendo cada unha delas as características operantes que as distinguen.

Por outra banda, nós invitáramos ao devandito articulista hispánico a baixarse do poleiro e que nos informe de cómo marchan as labours a prol da Unidade na coleiividade hespañola e atal motivo, calla eiquí unha anécdota:

Certa vez un activo dirixente dun seitor político democrático hespañol fixolle unha visita ao noso guieiro Castelao e de sócato, sen pararse en barras, "a la española" espetoulle o caticismo da Unidade nun Frente Nacional pra combater á Falanxe etc. etc., ao que Castelao moi solerminamente lle respostou: "Meu amiguiño, nós os galegos, non lle temos problema d'Unidade, nunca o tivemos. Procuren vostedes os hespañóis unirse, si é que poden, que moito o dubido, mais se o logran, d'aquela falaremos de confado, quer decir, falaremos d'Unión, que unha moi... distinta cousa é a Unidade..."

froito no seo da coleiividade galega de Bó Aires, o señor Antón Núñez Fernández, dámos a continuación a nómima das entidades adheridas ao agasallo:

Irmandade Galega, Centro Lucense, Agrupación A Terra, Círculo Santiago, Centro Betanzos, Cámara de Comerciantes Españoles Republicanos e Centro Coruña.

Ademais rescibíronse numerosas adhesiones persoais, antre as que compre menzoar a do Segredario do Consello de Galiza, señor Antón Alonso Ríos, disculpando a súa ausencia no agasallo, por mor d'acharse enfermo e desexandolle ao bon amigo e compatriota galego, unha gasalleira estadía na

OLLO AO PEIXE...

O presidente do Centro Galego de Madrid, señor Constantino Lobo Montero, que recentemente foi nomeado presidente d'honor do Centro Galego d'Habana, fixo unhas declaracións no xornal madrileño "Informaciones" acaron do importantísimo Centro cubano, o cal conta con preto de 100 mil asociados.

O Centro Galego de Madrid, dis o señor Lobo, mantén relacións con todos os Centros Galegos do mundo e a súa maior angueira, é chegar á Federación de Centros Galegos hespañóis, como primeira xeira para unha Federación Mundial, na que entrarían os de Bó Aires, Habana, Río de Xaneiro, Sao Paulo e os de todas as capitais americanas.

Antre os proxectos inmediatos que ten, teima co gallo do Ano Santo de 1934 en Compostela, se xunten na ilustre cidade en magna asamblea de Centros Galegos de todo o mundo, pra tratanen nela, todas as cousas espiroitaís que nos son comúns...

Polo que se olla, o falanxismo non dá acougo á súa teima d'infiltración nas coleividades galegas d'América, as únicas coleividades que ademais de seren as de máis volume, compre decir a verdade, tamén son as únicas que teñen senso político e de unidade combativa fronte ao falanxismo, e de recuperación da personalidade nacional a través da liberdade do noso povo.

faí que as embaixadas franquistas destes ceibes países d'América véxanse isoladas, sen calor popular, silandeira expresión de repudio ac rexime que enloitou os fogares da nosa Terra, sometendo ao povo á tortura da fame e á carea, e que contou sanguientemente as nosas máis cobizadas e léxítimas aspiracións autonomistas.

As embaixadas estraordinarias do estraperlista Cesáreo González e a do pimpante alcalde da Cruña Molina Brandao axentes de Falanxe, fracasaron ruidosamente na súa xenta teima d'infiltración nas democráticas e republicáns coleividades galegas d'América, e neste intre, botando man do "reclamo" da Federación Mundial de Centros Galegos — orgaizado por Falanxe dende Madrid — teiman Hetar d'América a Compostela, aos nosos dirixentes a xuntar as cabezas, ousequiosa e homilidamente, ao redor do caudillo, irmán espiroitaí de Torquemada, e Martínez Anido.

Finalmente, os dirixentes das nosas máisimas institucións espalladas pol-o continente american, cheiraron a feixoada franquista e o amañío estoupará, do mesmo xeito que estouparon todas aquelas manibras levadas a cabo pra escachar a noso ben avencellado e combativo fronte antifranquista, e de recuperación da personalidade nacional a través da liberdade do noso novo.

HOMAXEHOUSE NO CENTRO LUCENSE A ANTON NUÑEZ FERNANDEZ

Na noite do 25 d'abril p. pdo. no salón que o Centro Lucense posue en Olivos, agasallouse cunha cea ao señor Antón Núñez Fernández co gallo do seu viaxe a Galiza.

Os seiscentos comensais asistentes ao agasallo é a eispresión máis elocuente das simpatías con que conta este bon galego e auténtico republicán no seo da nosa coleiividade.

O banquete desenrolouse nun amabel i enxebre ambiente de galeguidade e aos postres, o presidente da Comisión Organizadora señor Xosé Alfonso ofereceu o homaxe, loubando as virtudes d'home de ben e bon galego de que fai gala Núñez

Fernández.

A seguido, o señor Edelmiro Peña pronunciou afeituposas verbas pro agasalado, destacando que a moitedume de comensais que enchían o amplo salón do Centro Lucense eran sineiros amigos que estaban alí pra testemuñarlle o seu afeito e agasallo.

Finalmente o señor Antón Núñez Fernández agradeceu con breves e sentidas verbas, o homaxe de que era ouxeto co gallo do seu prósimo viaxe a Galiza, viaxe de fonda emoción longos anos cobizado, sendo moi aprausado pola concurrencia.

Como dato ilustrativo da popularidade e simpatía que di-

PRINCIPIOS DO

- Galiza, povo autónomo.
Galiza, comunidade cooperativa.
GALEGUISMO
Galiza, unidade cultu.
Galiza, célula de universalidade.

A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA.)

Déspotas insensatos,
forzá, forzáde grillos
Pode oprimir o ferro
Un corpo enfraquecido
Mais as nobres ideais
E gloriosos instintos...

EDOARDO PONDAL

Ano XXXV — Núm. 483

BOS AIRES, ABRIL DE 1953

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

A IMPRENSA GALEGA PORVIR DAS NACIONS PEQUENAS

Por MANOEL PEDREIRA

Os xornales, tanto os de saída co...
mentidade dos povos unha gravitacion decisiva. Unha imprensa ceibe...

No tocante a nosa Patria Galega...
endexámia a súa prensa — salvo moi raras e honrosas esceicións, como...

A situación de dependencia e sometimento do xornalismo galego, agrá...
dependencia falanxista, xa que á tendenza que de seu tiña de arredarse...

que en Galiza — a xulgar pol-as páxinas da súa prensa — non existiran ningunha crás de problemas, in...
da que ao través do seu cómplice silencio, non poden ocultarse as angurias que sofre o noso país, cuia men...
guada situación, amóstrase de xeito inditívvel en noticias como as que...

Non pasa día sin que a Galiza se lle non infira algún aldraxe nos seus intereses moraes e materiais, e sin que os nosos desleigados órganos de publicidades queiran decatarse. Cando non se nos nega a creación dunha escola de Belas Artes alegando a razons máis peregrinas, perséguese con maquiavelica contumacia a renacencia da nosa cultura autóctona, pechando editoriais como o recente caso de "Galaxia"; ou prohibindo o emprego do idioma Galego en toda a esteriorización pública. Os nosos xornales se non decatan de que a economía de Galiza esmorece pola situación de dependencia que vive, e a falla dunha planificación racional, axeitada ás súas características. Si a prensa galega tivera difidade patriótica e varileza, ergueríase en protesta unánime en contra da vertical baixa actual dos prezos dos produtos do noso agro, namentras os alieos, manténdose baixo o amparo do proteccionismo estatal o que lles garante prezos mínimos, outamente remunerativos, co prexucio conseguinte pra Galiza, que ten que vender barato e mercar caro, sufrindo con elo un verdadeiro despoxo.

¿Qué lle intresa á nosa prensa, que a riqueza gandeira galega, debza decote por falla de forraxes e outras circunstancias que sería longo enumerar?

¿Qué lle intresa ao noso xornalismo, que Galiza careza de transportes axeitados como pra que aca-

de un meirande desenrolo cultural e-económicos?

¿Qué lle intresa en fin, todo canto impide un máis benéfico aproveitamento das nosas riquezas, pra impedir que a miseria, a tuberculosis e a emigración, debzaran decote a vitalidade creadora da poboación galega, e convirtan a Galiza nun verdadeiro ermo espiroital?

Non iforamos que baixo o lema da "España una grande y libre" (?) non é doado que os nosos órgaos xornalísticos encaren con elemental liberdade o prantexo dos problemas galegos; pro nembargantes, moito poría faguerse en defensa dos intereses de Galiza, si a influencia alleira dos nosos xornalistas, non os arredara da realidade ambiente en que as súas actividades se desenrolan; xa que a imprensa galega non é soio de agora que "fica na lua" no tocante a Galiza. Nos anos 1932 e 33, en plea vixencia do réxime republicán, había liberdade ausoluta pra esporlle ao povo galego a realidade económica, cultural e política da súa pátria; noustante, lémbrome que ao pasar decote a escola pol-os Cantóns de Molíns, na cidade do Ferrol, había sempre un fato de "homes parados", moi atafegados en comentar as novas da política madrileña. Aqueles homes sabían moito de socialismo, anarquismo, comunismo e todol-osismos. Estaban ao corrente de quenes eran Largo Caballero, Manuel Azaña, Lerroux... E até Marx, Bakunine, Lenin etc., non lles eran descoñecidos. Pro aqueles "galegos" que agardaban o arrombo da súa situación do tece e destece da política de Madrid, descoñecían en ausoluto a realidade que os rodeaba. Ali a poucos quilómetros, naquela terra e naquel mar galegos, dos que eles vivían moralmente tan arredados ficaba a única solución posíbel i-efeitiva dos males que padecían. Aqueles homes eran símbolo, o símbolo dun povo esquiñado e iforante de si mesmo por mor dunha imprensa desleigada e alleira.

BIEITO CUPEIRO

De Sempre en Galiza Por Castela

Sabíamos que a República do 14 de abril morrera o 18 de xullo e que o povo hespañol non estaba loitando pol-a Constitución do 1931. Agoirábamos que despós de gañar a guerra podíamos perdela, por non sabernos adeministrar a paz. O medo a malvar o esforzo do povo proviña da manifesta incapacidade dos homes da República. Sabíamos o que querían os feixistas e cáil sería o rexime que nos imporían; pero non era doado saber o que nos queriamos e cáil sería o rexime que lle imporiamos a eles. Non se consentía máis que unha cousa: defendernos i evitar a vitoria do feixismo en Hespaña. Non se consentía penetrar no "segredo", porque había moitos "segredos"; tantos como grupos ideolóxicos; tantos como ministros... E d-este xeito ficábamnos espostos a unha invasión de ideais alleas. A intransixencia, a intolerancia, a crueldade e o fanatismo, avanzaban no noso campo máis que os exércitos nemigos. O povo seguía morrendo por unha causa que os seus dirixentes non sabían formular. Os heroes populares coidaban que despós da vitoria non se podería rexir a cousa pública sen contar co seu consentimento. Algúns estadistas preparaban forzas de retagarda para impor, no remate da loita, unha dictadura de partido.

No decorrer da guerra cada ano era un século, e por esto as ideais d-un día necesitaban aclaracións ou reitificacións ao día seguinte. Queriamos saber porqué loitábamnos e como debiamos chamarnos. "Basta con ser antifascistas!". Borraban con-

ar imponente os homes de partido. "¡Lo primero es ganar la guerra!", decían os "previsores do porvir" (do porvir do seu partido). No entanto as balas do nemigo transportaban ideais totalitarios ao campo leal. A visión do futuro embafábase máis cada día. O porvir estaba encomendado a unha segunda guerra civil entre nós mesmos, despós do triunfo. Lémbrome que unha vez arrisqueime a falar das miñas inquedanzas e-un eisaltado, que rexentaba unha Subsegredaría de Guerra, e cando lle dixen que a República podería salvarse co réxime federal, alporizouse de tal xeito que metía medo detrás da mesa (a trincheira que defendían moitos "bravos" non era máis que unha mesa). "¡En cuanto termine la guerra, o vosotros acabáis con nosotros o nosotros acabaremos con vosotros!". E aquel home falaba así porque sabía que eu era galeguista, e desafiábame en nome do seu partido...

A sobrevivencia do sistema unitario e centralista era o afán patriótico dos homes máis significados da República. Ninguén se lembraba de que Cataluña se salvara do pronunciamiento militar porque as forzas do Orden Público dependían da Xeneralidade. Ninguén se lembraba de que os nacionalistas vascos salvaran o seu territorio. Ninguén quería decatarse de que os países autónomos eran incompatibles coa idea totalitarista. Cando se perdeu Málaga, poño por caso, todos buscaban disculpas e irresponsabilidades; pero cando se perdeu Bilbao —dispós d-unha asombrosa resistencia— sen-

Os derradeiros tempos de incertidume e desorientación, nos que os grandes países se botaron a unha carreira que é a negación mesma dos máis caros ideais humanos, onde soio se matina en facer pensar i-aituar aos alieos como pensan e aitian os cabezoleiros dos países de maior potencial económico e industrial, teñen forzosamente que facer dudar a moitos sobre do porvir das nacións que, como Galiza, son soio un anaquino de terra frente á inmensidade d-eses países, e o seu conglomerado humano e potencial económico son tan pequenos que parecieran non existir en comparación cos de tales países.

Esa desorientación, produto en grande parte dun abafamento con noticias coñicadas a medida dos grandes intereses, está afortunadamente fora de toda realidade. As nacións son en esencia un produto do contato e identificación do elemento humano co medio onde vive e a persistencia das nacións é tanto máis firme, canto maior e máis forte é esa identificación. Non temos necesidade de ir a fora a buscar exemplos. Galiza tamén sucumbiu na loita política frente aos mal chamados Reises Católicos, pero cinco séculos de dominio político de Castela, a bárbara política de negación da Terra, a criminal doma e castración de Galiza, "ideal" máisimo de tales reises, non pudo asolagar a nosa personalidade, gardada coase que única i-escrusivamente pol-a poboación campesina, que soupo superar a falla de guía i-orientación a causa do desterro forzoso das xentes que poideran asumir tales funcións, sacando as forzas necesarias da súa íntima comunión con esa Terra bendita, constituíndose en guardián depositario das máis nobres, esencias nacionais, do seu fermoso idioma, e na base estraordinaria do rexurdir nacional que cada día é máis xurdo e amplo.

Na historia da humanidade houbo sempre grandes forzas políticas que polarizaron a vida do mundo. Ceais a súa influencia non foi nunca tan grande como hoxe, que contan con meios estraordinarios de difusión e influencia, pero esos poderes sempre pasaron e seguirán a pasar, deixando os povos cos seus propios pensamentos, coas súas inquedanzas e cos seus problemas peculiares. Os povos que máis sofren eses troques son precisamente os d-eses países que nun intre da historia o foron todo, e despós quedan en coase que nada. Os povos pequenos sinten tanto menos os efectos d-esas situacións canto menos se achen influenciados e desvirtuados por esas forzas estrañas.

Na guerra díxose que o home non tiña ren que facer cando o cañón escomenzou a espallar a morte a eito; voltouse a decir o mesmo cando apareceu a ametralladora, o tanque, o avión... e a realidade veu a demostrar que todo era mentira. O home sigue a ser o esencial na vida, ele é o que domiña as máquinas, que non son factores determinantes senón auxiliares do devir histórico. Tamén na vida dos povos os factores económicos, industriais, etc., poden ter unha maior ou menor gravitación, pero o único factor esencial é o home, que coa súa ai-

tíronse indiñados ao exterior e satifeitos por dentro, esteriorizando a súa impresión con estas verbas: "¡Fracasaron los Estatutos!". E cando xurdeu o puch de maio en Barcelona —reprimido exclusivamente pol-as forzas da Xeneralidad— decían os bravos homes da retagarda política: "¡Hay que fusilar a Companys! ¡Hay que anular los Estatutos!". A xenreira contra Cataluña i Euzcadi rillábase no ambiente coatesán de Valencia. Era entón cando se sinteu por primeira vez a emoción que producen as seis letras da verba ESPAÑA... A carraxe dos homes de secano alporizouse máis ao comprobaren que Barcelona era mellor cidade que Madrid...

ción individual e colectiva crea cada día a historia da súa comunidade, d-ndolle as características propias de cada grupo humano.

E nós aínda diriamos máis. A felicidade dun povo non ven dada por eses feitos resoantes da historia, senón pol-o traballo cotidián; e canto menos influenciado se ache un povo por forzas alleas aos seus valores intrínsecos, como son no fondo os grandes problemas políticos i-económicos que comoven a outras partes do mundo, en mellores condicións está para non trabucar o camiño do seu porvir e para labou-rar pol-a súa felicidade. Na realidade presente, Suiza, Dinamarca, Holanda e tantos outros países pequenos onde o equilibrio social adecuado queriu os máisimos vaores e onde a vida do povo discurre en canles de felicidade e benestar, non achados aínda pol-os países de maior poderío industrial, son a proba máis palmaria d-esta afirmación.

Non quere decir esto que os galegos debamos fechar os ollos a actualidade histórica e iforar a evolución da humanidade, vivindo un tempo xa ido. Non; nós debemos vivir un tempo presente i-a ser posíbel nun tempo futuro que acugule os nosos ideais, pero sin deixar deformar a nosa mentalidade nin o noso sentimento por problemas que desvirtúen o ideal colectivo do noso povo. A felicidade d-unha nación non está dada por milleiros de fábricas nin por bombas atómicas; un povo é feliz cando se acha a si mesmo e sabe seguir o camiño luminoso que lle marca a súa ideosincracia particular compaxinando unha mellor vida material con unha vida espiritual que responda aos principios básicos da súa raza.

E así como hoxe os galegos, coa patria asoballada pol-o feixismo e nun intre que os pesimistas poideran calificar de desorientación, vemos con gran eradidade o movemento de rexurdir da Terra. Nunca como hoxe se pudo ver en todos ese sentimento galego a frol de beizos, unha inquedanza tan forte nos patriotas que na Terra e fora traballan a cotío para o escracemento dos nosos problemas e unha mellor vida do noso povo.

LIBROS GALEGOS

En venda na Irmandade Galega

SEMPRE EN GALIZA

por Alfonso R. Castelao

AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA

por Alfonso R. Castelao

FARDEL DE EISILADO

por Luis Seoane

PRESENCIA Y HONDURA DE CASTELAO

por Marcial Fernández

A NOSA TERRA

Número estraordinario adicado a morte de Castelao

SEARA NOVA Revista portuguesa adicada a Castelao

CENTENARIO

DA MORTE DE

ANTOLIN FARALDO

Celebrarase o 16 de Maio no Centro de Betanzos,

México 1660, ás 21 horas

Homaxe orgaizado pol-a comixión de Sociedades Galegas do Partido Xudicial de Betanzos.

Falarán Antón Suárez do Pazo no nome das ditas sociedades e Rodolfo Prada no nome da colectividade galega.

Aituará o coro Os Rumorosos, baixo a dirección do mestre Carlos López García.